

Emprego

Acta procedementos selectivos para o ingreso por Concurso-Oposición e Concurso de Méritos mediante o sistema de acceso libre das prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, mediante o proceso excepcional de Estabilización de Emprego Temporal do Excelentísimo Concello de Lalín (Pontevedra).

**OPERARIA DE LIMPEZA  
CONCURSO-OPOSICIÓN**

**TRIBUNAL:**

- Presidente: Manuel Carramal Silva
- Secretario: Román Pérez García
- Vogais: Milagros Vázquez García

LUGAR: Concello de Lalín

DATA: 14/08/2023

HORA DE INICIO: 10:00 horas

HORA DE REMATE: 11:30 horas

**PRIMEIRO.-** Na data e hora sinaladas, réunese de maneira presencial, os membros sinalados do Tribunal cualificador do proceso de estabilización para a praza de operaria de limpeza, enténdese constituído o tribunal posto que existe quorum. O Secretario do Tribunal, Don Román Pérez García, **dá fe do acto.**

**SEGUNDO.- O tribunal acorda que de conformidade coas bases da convocatoria** *“BASE NOVENA. PROBA SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA. O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece: “(...) para darle cumprimento a la normalización del idioma gallego en las Administraciones Públicas de Galicia y para garantizar el derecho al uso del gallego en las relaciones con las Administraciones Públicas en el ámbito de la Comunidad Autónoma, así como la promoción del uso normal del Gallego por parte de los poder públicos de Galicia, en las pruebas selectivas que se realicen para el acceso a los puestos de las Administraciones Públicas incluidas en el ámbito de aplicación de esta ley se incluirá un examen de gallego, excepto para aquellas personas que acrediten el conocimiento de lengua gallega conforme la normativa vigente. Las bases de las convocatorias de los procesos selectivos establecerán el carácter y, si es el caso, la valoración del conocimiento de la lengua gallega”. Por tanto, consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán a galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá a duración de 30 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non*



## Emprego

*apto/a”, quedarán eliminadas as persoas aspirantes que non alcancen a cualificación de apto ou apta. Estarán exentas da realización desta proba, as persoas aspirantes que estean en posesión do CELGA correspondente, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente, en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro ). “*

**A proba de galego consistirá na tradución dun dos seguintes textos, a elección das persoas aspirantes, do galego ao castelán ou do castelán ao galego:**

### 1.- TRADUZA O SEGUINTE TEXTO AO CASTELÁN

As resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas só cabe recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición en que o demandante teña o seu domicilio ou aquela en que se atope a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado (entendéndose limitada esta posibilidade de elección só aos xulgados que se atopen dentro da circunscrición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia), de acordo co establecido nos artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto no artigo 46.1 da citada norma legal.

As resolucións xudiciais denominaranse sentenzas definitivas, sentenzas interlocutorias, autos e decretos. É sentenza definitiva a que pon fin á instancia, resolvendo a cuestión ou asunto que foi obxecto do xuízo.

### 2.- TRADUZA O SEGUINTE TEXTO AO GALEGO

Para la protección de estos productos típicos de un territorio y su promoción se crearon las denominaciones de origen y las indicaciones geográficas protegidas. Este sistema de protección, que en principio se diseñó para los vinos, ha tenido en las últimas dos décadas un importante desarrollo en toda la Unión Europea, de manera que actualmente acoge un gran repertorio de productos de todo el ámbito alimentario. Estos indicativos de calidad constituyen una importante herramienta para el desarrollo rural por múltiples razones. Por una parte, delimitan una zona concreta del territorio donde se puede producir y elaborar el producto acogido, coincidiendo con la zona en que tradicionalmente se venía haciendo, lo que favorece que todo el valor añadido y la riqueza generada quede en esa zona. Por otra parte, su reconocimiento impide que la denominación pueda ser empleada por aquellos



Emprego

operadores que no tienen derecho a su uso, además de prestigiar y dar a conocer la zona de producción, potenciando otras actividades económicas que se desarrollen en ese territorio.

**TERCEIRO.-** Como se indica a cualificación da proba será de apto ou non apto e a duración da mesma será de trinta minutos.

**CUARTO.-** Unha vez realizada e cualificada a proba de galego, a aspirante presentada obtivo a seguinte cualificación:

1 OPERARIA DE LIMPEZA (CONCURSO-OPOSICIÓN)			
NUM	APELIDOS E NOME	DNI CRIBADO	Proba de Galego
1.	Eva María García Viana	***3226**	<b>APTO</b>

Na miña condición de Secretario do tribunal, dou fe

